



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº: 60/142

EDICTO

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2019, aprobou o Plan Económico-Financeiro SIN MEDIDAS ADICIONAIS, por un gasto non recorrente, do Grupo Concello de Vigo que rexerá para os anos 2019 e 2020, que ten como resultado dar cumprimento aos obxectivos previstos para a Liquidación do Orzamento do ano 2019/2020 en canto á Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/52012, de 27 de abril, o Plan queda sometido á mesma publicidade que a prevista no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Expediente foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 45 de 5 de marzo, comenzando a exposición pública o día 6 de marzo e rematando o 27 do mesmo mes. No devandito prazo non se presentaron alegacións nin reclamacións, polo que o expediente considérase definitivamente aprobado.

Contra a devandita aprobación, poderán os interesados interpor, se así o estiman, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que regula o artigo 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Ao abeiro do previsto no apartado 3 do artigo 171 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de recursos non suspenderá por si só a aplicación do Plan Económico-Finaenceiro definitivamente aprobado.

LG/

O ALCALDE-PRESIDENTE
Asinado electronicamente

Abel R. Caballero Alvarez

